

# Congreso do 10º aniversario de Climántica

Primeiro curso de formación do profesorado no marco de EduCO<sub>2</sub>cean-Erasmus+



Proxecto de Educación Ambiental CAMBIO CLIMÁTICO

"Que, como e con que ensinar o cambio climático?: unha década de respostas educativas ao cambio climático desde Climántica"





## Finalidade:

Actualizar, reflectir e propoer actuacións orientadas a dar respostas educativas que afronten o cambio climático, tendo como soporte os coñecementos, metodoloxías e iniciativas que se teñen promovido nos dez de desenvolvemento do Proxecto Climántica. Unha liña de reflexión-accción formativa que se pretende asociar á alianza estratéxica para a innovación educativa EduCO<sub>2</sub>cean aprobada en Erasmus+2016, apoiándose no Grupo de Investigación en Pedagogía Social e Educación Ambiental da USC (SEPA-interea) e na Rede de Investigación e Formación para a Cidadanía e a Sociedade do Coñecemento, ambos de Referencia Competitiva no Sistema Universitario Galego.

## Obxectivos:


- Recapitular as respostas educativas máis relevantes da primeira década de Climántica.
- Reflexionar sobre a organización transversal actual do proxecto Climántica.
- Presentar as alianzas estratéxicas para o inicio da segunda década do proxecto Climántica.





## Contidos:

- Xenoma e ambiente.
- Barreiras psicolóxicas para cambiar as condutas que demandan as respostas educativas ao cambio climático.
- Representacións sociais do cambio climático.
- Alianzas estratexias no inicio da segunda década de Climántica.
- Respostas da Pedagogía Social fronte ao cambio climático.
- Visión da Economía Aplicada sobre a mitigación e a adaptación ao cambio climático.
- Cambio global nos océanos contemporáneos.





## Axenda:

Venres 10 de marzo de 2017

- 17:45 *Inauguración.*
- 18:00 *Conferencia coloquio. “Barreiras para os cambios de actitudes que demandan as respostas educativas fronte ao cambio climático”* **Juan Ignacio Pozo Municio.** Catedrático do Departamento de Psicoloxía Básica da Universidade Autónoma de Madrid.
- 19:10 *Conferencia coloquio “Xenes e ambiente”* **Ángel Carracedo Álvarez.** Catedrático de Medicina legal da USC. Director do Centro Nacional do Genotipado e da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica.
- 20:20 *Conferencia coloquio. “Representacións sociais do cambio climático”* **Pablo Meira Cartea.** Profesor titular do Departamento de Pedagogía e Didáctica da Universidade de Santiago.



## Sábado 11 de marzo de 2017

- **09:30 Simposio “Alianzas estratéxicas no inicio da segunda década de Climántica”.**
  - **Joaquim Ramos Pinto.** Presidente da Asociación Portuguesa de Educación Ambiental (ASPEA).  
*EduCO<sub>2</sub>cean: alianza estratéxica de Erasmus+ para a innovación e cooperación en boas prácticas educativas para o bienio 2016-2018 desde o marco de Climántica.*
  - **Rosa María Catalá Rodes.** Directora Xeral do Colexio Madrid de México DF: “ *Rumbo a Climántica Latinoamérica 2018 desde un cuatrienio de Climántica no Colexio Madrid*”.
  - **Francisco Sóñora Luna.** Director do proxecto Climántica. Coordinación do simposio.





- **10:40 Conferencia – coloquio “Respostas educativas fronte ao cambio climático desde a Pedagogía Social” José Antonio Caride Gómez.** Catedrático de Pedagogía Social do Departamento de Pedagogía e Didáctica da Universidade de Santiago e director do grupo de investigación Pedagogía Social e Educación Ambiental (SEPA).
- **11:50 Descanso.**
- **12:10 Conferencia – coloquio “Respostas da Economía Aplicada ao cambio climático desde os ámbitos portuarios e costeiros” Fernando González Laxe.** Catedrático de Economía Aplicada da Universidade da Coruña.
- **13:40 Conferencia coloquio “Cara a onde o océano do antropoceno?” Emilio Fernández Suárez.** Catedrático de Ecoloxía da Universidade de Vigo e director do campus de excelencia internacional hispano - Iuso Campus do Mar.



## Diplomas de acreditación:

Tramitada a homologación á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria como actividade de formación permanente do profesorado non universitario no marco do seu convenio coa USC. Provisionalmente recoñecido como actividade de formación permanente do profesorado non universitario. O seu recoñecemento definitivo está suxeito ao cumprimento dos requisitos establecidos na Orde do 14 de maio de 2013 (DOG 96). Tamén se remitirá por parte da CeTA da USC un diploma de 8 horas de formación asinado pola Vicerreitoría de Oferta Docente e Innovación Educativa.








Proxecto de Educación Ambiental CAMBIO CLIMÁTICO



**EduCO<sub>2</sub>cean**  
Oceanos de sabedoria



Inscripción a través de [www.climantica.org](http://www.climantica.org)  
Data límite: 2 de marzo de 2017

ORGANIZAN:



COLABORAN:



DIPLOMA DE:



TRAMITADA HOMOLOGACIÓN:

